

1. INFORMACIÓN XERAL

1.1- Inscripcións

Pode inscribirse todo o alumnado do IES de Melide, que escollerá entre participar na Carreira ou na Andaina das cantareiras, así como o alumnado dos colexios Arcediago, Número 1, Toques, Martagona e Pastor Barral. A inscrición realizarase a través de <https://cronotec.es/> ata o venres 16 de maio. As inscricións do alumnado serán supervisadas en todo momento polo profesorado.

1.2- Na modalidade **"Carreira"** a competición será de carácter individual. Na modalidade **"Andaina das Cantareiras"** a inscrición tamén será individual, pero participárase por parellas. O alumnado deberá indicarlle ao profesorado titor cales son as parellas establecidas. Nesta última modalidade o alumnado deberá recoller durante o traxecto versos pertencentes a cantareiras populares. Gañará a primeira parella que consiga chegar á meta cos versos en orde.

1.3- Será imprescindible para participar que **cada alumno/a escolla a súa palabra favorita en lingua galega**. Esta levaráa escrita nun adhesivo que se lle proporcionará para a ocasión.

2. REGULAMENTO

2.1- Será descualificado/a calquera participante que proporcione datos erróneos á organización.

2.2- As categorías establécense por niveis educativos.

2.3- O dorsal deberá colocarse obrigatoriamente no peito, sen retocar, manipular nin dobrar.

2.4- Serán descualificados/as os/as participantes que non leven o dorsal ben visible, non realicen o percorrido completo, ou dean mostras dun comportamento antideportivo.


2.5- A organización reserva a facultade de impedir a participación no caso de observarse calquer tipo de irregularidade como, por exemplo, non completar o percorrido, emperrar a violencia ou outro tipo de comportamento antideportivo.

2.6- Está prohibido correr sen estar inscrito/a e sen dorsal. A persoa que estea nesta circunstancia será apartado/a da carreira.


3. PREMIOS

Haberá premios para os/as tres primeiros/as clasificados e clasificadas en cada unha das categorías, tanto masculinas coma femininas.

A participación na competición supón a aceptación destas bases.



CORREMELIDE LETRAS GALEGAS 2025



INFORMACIÓN XERAL

1. O venres 23 de maio, ás 09:30, terá lugar o **Corremelide**, que se celebra, un ano máis, para festexar as **Letras Galegas** e fusionar os valores e principios do deporte coa defensa da nosa lingua.
2. Contaremos con dúas modalidades: **a de carreira e a de andaina (por parellas), andaina das cantareiras.**
3. Participa todo o alumnado do IES de Melide e os colexios da contorna: CEIP Arcediago, CEIP Martagona, CEIP Pastor Barral, CEIP Número 1 e CEIP de Toques.
4. Establécense 8 categorías, dende cuarto curso de primaria ata bacharelato.
5. O percorrido é de aproximadamente 1 km.

